



ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2022
CONVOCATORIA SECTOR NAIS/PAIS/TITORAS LEGAIS

En virtude da Resolución do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes (DOG 30/09/2022), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional Terceira no seu punto 1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26/01/1999), corresponde elixir no presente proceso electoral a **UNHA nai/pai alumnas/os**, dun total de TRES que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todas as nais e pais ou, se é o caso, os titoras/es legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse por medio dun escrito razonado dirixido á Xunta Electoral, até as 13:00 horas do día 17 de novembro de 2021.

3.- Son elixibles as nais e pais ou, se é o caso, os titoras/es legais, que formulen a súa **candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas **poderán ser presentadas até as 13:00 horas do 18 de novembro de 2022**.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidato, **o día 21 de novembro, ás 11:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do centro, que actuará como Presidente, e 2 alumnas/os, actuando o director como presidente da mesa electoral e de secretaria a/o alumna/o de menor idade.

5.- A **campaña electoral** comprenderá dende o **22 ao 27 de novembro de 2022, ambos días inclusive**. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición das persoas candidatas, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. Á véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.



6.- Poderán actuar como supervisores da votación as nais/pais ou titoras/es legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electoras/es.

7.- **As votacións realizaranse neste IES o día 29 de novembro, de 12:30 horas a 13:30 horas e de 16:30 a 18:30 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:15 horas.

8.- Na papeleta de votación cada persoa electora fará constar un nome das candidatas/os presentadas, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, por medio do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto a nai e a pai ou, se é o caso, a titora ou titor legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Para que así conste,

En Redondela, a 9 de novembro de 2022

José Antonio Martínez Domínguez
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

